

Xestor de medios virtuais


Introdución

O **Xestor de medios virtuais** (ao que accederemos mediante o menú de VirtualBox **Ficheiro->Administrador de medios virtuais**) leva o seguimento dos discos duros, imaxes ISO e de disquetes que está a xestionar o hipervisor VirtualBox, na sesión dun usuario concreto, non en todo o host. Téñase en conta que cada usuario do sistema anfitrión ten a súa configuración de VirtualBox, aínda que dous usuarios distintos poden abrir a mesma máquina se teñen permiso de acceso á carpeta na que está almacenada.

A continuación vanse facer algunas prácticas a modo de exemplo de como xestionar imaxes ISO.

Eliminar un medio virtual


Vaise simular que unha das imaxes ISO non fai falla e deséxase eliminar do xestor (Ollo que isto non implica que se vaia eliminar a imaxe ISO da carpeta na que se atope). Na pestana de **Discos ópticos**, seleccionar a imaxe iso de Ubuntu e eliminala:




Liberar un medio virtual

Consiste en desligar un medio virtual dunha MV.


- Liberar un medio virtual



A máquina **wclient** ten na unidade de CD a imaxe ISO das Guest Additions.




No Administrador de Medios Virtuais seleccionar a imaxe ISO de GuestAdditions e liberala.



O programa avisa de a que máquinas está ligada esa imaxe ISO.



Tamén se podería desligar a través dos métodos que se viron previamente.



Finalmente pódese eliminar a imaxe ISO da lista de medios virtuais.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez --